

# IX TORNEO INTERNACIONAL CONCELLO DE RIANXO

FESTIVAL ABERTO DE XADREZ  
Rianxo, 26 de agosto de 2017

**Organiza:** Club Xadrez Rianxo

**Patrocina:** Concello de Rianxo

**Colabora:** Federación Galega de Xadrez , Conservera de Rianxo, Congalsa, Construcciones J.Rey e Hotel Scala

**Local de xogo:** Pavillón Polideportivo Municipal de Rianxo

**Director del torneo:** Néstor Martínez Dourado

**Árbitro principal:** FA Evaristo Rodríguez López

## CATEGORÍAS:

- **Torneo absoluto:** sen límite de idade. Este torneo será válido para elo FIDE de rápidas
- **Torneos Circuito Galego de Promoción:** categorías sub8, sub10, sub12 e sub14
- **Torneo afeccionados:** sen límite de idade. Só poderán xogar xogadores sen elo e xogadores non federados.

## SISTEMA E RITMO DE XOGO:

- **Torneo absoluto:** suizo a 9 rondas a un ritmo de 15 minutos + 3 segundos por xogada
- **Torneos promoción e afeccionados:** suizo a 8 rondas a un ritmo 15 minutos finish

Seguiranse as normas da FIDE recollidas nas Leis do Xadrez e demais regulamentos, en particular o apéndice A xadrez rápido, **artigo A.4 partidas sen supervisión axeitada.**

Utilizarase o programa VEGA para realizar os emparellamentos, ós que non se admitirán reclamacións.

Un resultado mal introducido ou unha ronda publicada non se modificará agás que o árbitro decida outra cousa.

## CALENDARIO DE XOGO:

<b>Presentación:</b>	10:30 horas	<b>Ronda 5:</b>	16:00 horas
<b>Ronda 1:</b>	11:00 horas	<b>Ronda 6:</b>	16:45 horas
<b>Ronda 2:</b>	11:45 horas	<b>Ronda 7:</b>	17:30 horas
<b>Ronda 3:</b>	12:30 horas	<b>Ronda 8:</b>	18:15 horas
<b>Ronda 4:</b>	13:15 horas	<b>Ronda 9:</b>	19:00 horas

**Entrega de premios:** 19:45 horas, aproximadamente.

**Tempo de espera:** hasta caída de bandeira

**Orde de forza:** segundo elo FIDE rápidas (para os que non teñen usarase o elo FIDE estándar), título e orde alfabética.

**Xogadas ilegais:** unha xogada ilegal perde a partida agás nos torneos do circuito de promoción e afeccionado, nos que se permiten 3 xogadas ilegais.

**Byes:** no Torneo Xeral poderanse solicitar hasta 3 byes de medio punto agás nas 2 últimas rondas. Os byes solicitaranse por escrito antes de primeira ronda e deberán ser confirmados pola organización, no correo [escolaxadrezrianxo@gmail.com](mailto:escolaxadrezrianxo@gmail.com)

Os byes solicitados posteriormente requirirán a aprobación da organización.

<b>Desempates:</b>	<b>Torneo absoluto</b>	<b>Torneos promoción e afeccionado</b>
	Enfrontamento directo	Enfrontamento directo
	Partidas xogadas	Buchholz brasileiro (corte -1)
	Buchholz brasileiro (corte -1)	Buchholz
	Buchholz	Progresivo sen cortes
	APRO	Maior número de partidas con negras

En caso de persistir o empate, resolverase por orden de forza.

**Comité de apelación:** estará formado polo director do torneo, o presidente do club e os árbitros do torneo.

### **INSCRIPCIÓNS:**

Para poder participar nos torneos do circuito de promoción e no torneo absoluto os xogadores deben ter a licenza federativa en vigor.

Faranse a través da web [xadrezrianxo.com](http://xadrezrianxo.com), no correo [escolaxadrezrianxo@gmail.com](mailto:escolaxadrezrianxo@gmail.com) ou whatsapp 680193289 indicando nome, apelidos, data de nacemento, categoría na que se desexa participar e código FIDE se se posúe.

**Prazo:** hasta o xoves 24 de Agosto. Resérvase o dereito a admitir inscricións posteriores.

**Cota só para o torneo absoluto: 6 euros**, a pagar no local de xogo antes da primeira ronda.

Están exentos do pago os socios do Club Xadrez Rianxo, xogadores titulados e xogadores menores de 14 anos que xoguen o torneo absoluto.

**Límite de participación:** hasta un máximo de 300 prazas para todas as categorías.

A organización resérvase o dereito de admisión.

Os participantes e os delegados de cada club autorizan á organización a difusión de información, a utilización de imaxes e nomes de equipos e xogadores nos medios de comunicación, publicidade e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria ós seus intereses e sempre no marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Axuizamento Civil e na LO 15/99, de 13 de Decembro, de Protección do Datos de Carácter Persoal.

A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

A organización resérvase o dereito a modificar as bases co único requisito da súa publicación na páxina web [xadrezrianxo.com](http://xadrezrianxo.com)

## VIII TORNEO INTERNACIONAL CONCELLO DE RIANXO

FESTIVAL ABERTO DE XADREZ

Rianxo, 27 de agosto de 2016

### TABOA DE PREMIOS TORNEO ABSOLUTO

<b>TORNEO XERAL</b>	
1º	500 € y TROFEO
2º	300 € y TROFEO
3º	200 € y TROFEO
4º	100 €
5º	75€
6º	50€
7º	50€
8º	25€
<b>MELLOR SUB 2200</b>	
1º	100€ Y TROFEO
2º	50€
3º	25€
<b>MELLOR SUB 2000</b>	
1º	100€ Y TROFEO
2º	50€
3º	25€
<b>MEJOR SUB 1800</b>	
1º	100€ Y TROFEO
2º	50€
3º	25€

<b>TORNEO POR EQUIPOS</b>	
1º	TROFEO
2º	TROFEO
3º	TROFEO
<b>MELLOR VETERÁN</b>	
1º	50€ y trofeo
<b>MELLOR SIN ELO</b>	
1º	50€ y trofeo
<b>MELLOR MULLER</b>	
1º	50€ y trofeo
<b>MELLOR LOCAL</b>	
1º	Trofeo
<b>MELLOR SUB 18</b>	
1º	Trofeo

### PREMIOS TORNEO DE PROMOCIÓN

TROFEO AOS CINCO PRIMEIROS CLASIFICADO DE CADA CATEGORIA E SORTEO DE IMPORTANTES REGALOS

### PREMIOS TORNEO AFECCIONADOS TROFEO AOS TRES PRIMEROS CLASIFICADOS

Os premios en metálico non son acumulables entre si, e optarase polo de maior contía; a igual contía, segundo a orde de presentación na táboa de premios.

Considéranse SUB os xogadores co seu elo igual ou menor ao número indicado para o tramo.

Considéranse LOCAL os xogadores que xogan co nome do Club Xadrez Rianxo.

Considéranse veteranos os maiores de 55 anos.

Para o TORNEO POR EQUIPOS de club contarán os catro mellores resultados podéndose presentar tres xogadores por equipo como mínimo.

Para recoller os premios os xogadores teñen que aceptalo e recollelo persolamente no acto público de entrega, ou mediante representante notificado expresamente á Organización.